

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS PARA O IMPULSO DA LEI 9/2021, DO 25 DE FEBREIRO, DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA NO ÁMBITO LOCAL.

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Francisco José Conde López, Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Economía, Industria e Innovación, nomeado segundo o Decreto 60/2022, do 16 de maio, en representación da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (NIF S1511001H) de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

Doutra parte, Manuel Joaquin Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo (NIF Q8650002B), nomeado segundo o Decreto 59/2018, do 31 de maio, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG núm 38, do 22 de febreiro).

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- A aprobación da Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia supón un fito no proceso de recuperación tras a crise xerada pola declaración mundial da pandemia pola COVID-19, e para o seu desenvolvemento require o concurso dos diferentes poderes públicos con competencias neste ámbito, en particular, da Comunidade Autónoma e das entidades locais de Galicia.



Segundo.- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución, o exercicio de funcións en materia de promoción e dinamización da economía, e as de coordinación e apoio ao sector empresarial.

A Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia crea o Sistema de atención ao investimento como o sistema de información que ten por finalidade servir de soporte ás empresas e, en particular, ás persoas emprendedoras, no proceso de posta en marcha das súas iniciativas empresariais, así como facilitar a súa implantación, sinalando que a súa xestión corresponde á Oficina Doing Business Galicia, que é o órgano que depende da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, responsable da xestión dos instrumentos previstos na Lei 9/2021 para facilitar a implantación das iniciativas empresariais.

Por outra banda, a Lei 9/2021 prevé a adhesión ao Sistema de atención ao investimento daqueles concellos que formen parte da iniciativa Concellos Emprendedores, polo que resulta preciso que dende a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación se desenvolvan todas aquelas actuacións que permitan o cumprimento desta previsión, no marco das súas competencias en materia de xestión do Sistema de atención ao investimento.

Terceiro.- A Universidade de Vigo é unha entidade pública con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, que xa está a colaborar cos concellos a través de varias actuacións destinadas a fomentar e a favorecer o seu desenvolvemento económico. Ao longo dos últimos anos ten levado a cabo numerosas investigacións, publicacións e xornadas formativas en materia de desenvolvemento local que están a ser de grande utilidade nas entidades locais galegas, e conta cun grupo de expertos de gran experiencia e un importante coñecemento do escenario local, denominado Rede Local de Administración Pública (*Red Localis*).



A Rede Local de Administración Pública, é unha rede de ámbito nacional sobre o mundo local, da que forman parte profesores e investigadores universitarios e profesionais do mundo local, que busca convertese nun foro de reflexión sobre a xestión do municipalismo, co obxectivo de transferir coñecemento dende as universidades e a administración local para mellorar o debate público sobre temas de interese local. A *Red Localis* é xestionada polo grupo de investigación GEN (*Governance and Economic research Network*) da Universidade de Vigo.

Cuarto.- Dada a experiencia e as capacidades que ten acumuladas a Universidade de Vigo na materia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ten especial interese en colaborar con esta entidade en aras de mellorar a competitividade e o emprendemento do tecido empresarial galego mediante a simplificación das cargas administrativas para a creación de novas iniciativas e o crecemento das xa existentes nos termos previstos na da Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia para o ámbito local.

En consecuencia, as partes comparecentes abordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Universidade de Vigo, para contribuír, coas actuacións obxecto do mesmo, a facilitar a reactivación da actividade económica desde a perspectiva prevista na Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia para o ámbito autonómico en xeral e para o ámbito local en particular.

A Lei 9/2021 crea o Sistema de atención ao investimento cuxa xestión corresponde á Oficina Doing Business Galicia, que é o órgano que depende da Secretaría Xeral



Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación. O correcto funcionamento do Sistema de atención ao investimento esixe a coordinación entre as diferentes administracións públicas con competencias na implantación de iniciativas empresariais, e por ese motivo a Lei 9/2021 prevé a adhesión ao mesmo dos concellos que formen parte da iniciativa Concellos Emprendedores, polo que por medio do presente convenio se pretenden instrumentalizar todas aquelas actuación que permitan a difusión e o coñecemento desta normativa, co obxecto final de favorecer a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia.

SEGUNDA.- Imposibilidade de promover a concorrência

Motívase a utilización da figura do convenio de colaboración considerado no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e as razóns que impiden a concorrência da oferta e exclúen a celebración dun contrato administrativo.

Mediante o presente convenio establécese unha colaboración institucional para levar a cabo unha actuación en resposta aos obxectivos compartidos entre as dúas entidades participantes, como son os de fomentar a creación de novas empresas e promover a mellora da produtividade e competitividade das xa existentes mediante a simplificación dos procedementos administrativos no ámbito autonómico en xeral e no local en particular, ámbito no que precisamente está a traballar a Universidade de Vigo colaborando cos concellos para fomentar e favorecer o seu desenvolvemento económico, levando a cabo numerosas investigacións, publicacións e xornadas formativas en materia de desenvolvemento local, para o que conta co grupo de investigación GEN que desenvolve a *Red Localis*.

Xustifícase así a imposibilidade de promover a concorrência, nun marco de colaboración que une os eidos de competencias de cadaquén, para conseguir, como xa se sinalou, un fin común de interese público, proporcionando vantaxes e sinerxías derivadas desta colaboración, na que están implicadas actividades que coinciden plenamente coas que veñen desenvolvendo as entidades participantes.

Por conseguinte, é esta idea de colaboración na consecución do fin común de favorecer a recuperación e a mellora dos niveis de actividade económica e de emprego en Galicia previos á situación da pandemia da COVID-19, avanzando no impulso dos sectores produtivos para favorecer a xeración de valor engadido e a



culminación dos ciclos produtivos, así como a consolidación do emprego de calidade e a mellora da calidade de vida da cidadanía de Galicia, a que fundamenta a subscripción deste instrumento, por ser esta a canle axeitada, rigorosa e segura para a consecución do obxecto do convenio, a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

TERCEIRA.- Obrigas da Universidade de Vigo

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio, a Universidade de Vigo colaborará coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación na realización de accións que permitan aos concellos galegos coñecer en profundidade o modelo da Lei 9/2021, polo que se establecen as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica despois da crise xerada polas consecuencias da pandemia da COVID-19, desde unha perspectiva de simplificación administrativa que favoreza a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia, con plenas garantías da súa sustentabilidade económica, social e ambiental, reducindo as barreiras normativas e administrativas e establecendo unha serie de medidas que modernicen a xestión das actividades económicas e de servizos na Administración local, para permitir una xestión máis áxil e eficiente.

Esta colaboración implicará, entre outras que se poidan solicitar e que, ao igual que as que se describen a continuación se acordarán no marco da Comisión de Seguimento deste Convenio, a realización das seguintes actuacións por parte da Universidade de Vigo:

1. Colaborará na organización da celebración de xornadas de difusión no conxunto do territorio galego sobre as posibilidades de axilizar os procedementos administrativos de acceso ás actividades económicas, nomeadamente a través das Entidades de Certificación de Conformidade Municipal (ECCOM) e a divulgación dos modelos normativos de control *ex post*.

Estas xornadas celebraranse de forma descentralizada en cada unha das catro provincias galegas, estando destinadas aos responsables municipais, tanto cargos electos, como funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional e técnicos municipais, no marco da implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais e o coñecemento



da Lei 9/2021, polo que se establecen as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica.

2. Elaborará, en colaboración coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, os formularios normalizados, ordenanzas tipo, comunicacións responsables e outros materiais que se acorden no marco da Comisión de Seguimento deste Convenio, que posibiliten dispoñer dun acceso electrónico integrado onde se poida realizar o seguimento dos expedientes de acceso ás actividades económicas.
3. Colaborará na organización da celebración de xornadas no conxunto do territorio galego que se destinarán ás distintas Asociacións Empresariais, Confederacións de Empresarios e similares nas que se informe sobre as posibilidades de axilizar os procedementos administrativos de acceso ás actividades económicas, nomeadamente a través das Entidades de Certificación de Conformidade Municipal (ECCOM).
4. Colaborará coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación na realización de accións de proxección pública que permitan incardinar dun modo permanente o desenvolvemento local a partir de actuacións baseadas no emprendemento nos concellos galegos, nun marco de corresponsabilidade entre a Xunta de Galicia e as entidades locais galegas, especialmente en relación coa figura dos Concellos Emprendedores.

Dende a Universidade de Vigo elaborárase un traballo de investigación que permita á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación a obtención de datos concretos sobre o grao de aplicación práctica das medidas previstas na Lei 9/2021 para o ámbito local, e, no seu caso, en aspectos como os relativos ao:

- Coñecemento das medidas previstas na Lei 9/2021 para o ámbito local
- Grao de implementación das medidas previstas na Lei 9/2021 para o ámbito local
- Presentación de solicitudes acompañadas de certificación emitida por unha ECCOM
- Adopción de medidas de bonificacións fiscais para promover as iniciativas empresarias.
- Outras iniciativas que se teñan implantado polos Concellos para o fomento da actividade empresarial



A obtención destes datos esixirá a elaboración dunha enquisa que a *Red Localis* remitirá aos concellos solicitando a súa colaboración para a obtención de información.

No marco da proxección temporal deste Convenio a *Red Localis* elaborará un informe final no que se recolla unha análise pormenorizada dos resultados do traballo de investigación realizado.

5. Colaborará coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación no deseño da metodoloxía a seguir para garantir a consecución dos fins previstos na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia en relación co sistema de atención ao investimento
6. Destinará os fondos percibidos para financiar os gastos necesarios para levar a cabo as actuacións referidas nos puntos anteriores.
7. Presentará unha certificación de gastos executados para a consecución dos obxectivos establecidos no presente convenio.
8. Prestará a colaboración e facilitará tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

CUARTA.- Obrigas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación contribuirá cun máximo de cen mil euros (100.000 euros) para financiar as actuacións a desenvolver pola Universidade de Vigo, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria e anualidades seguintes:

Aplicación orzamentaria	2022	2023
06.01.731A.640.0	30.000€	70.000€
TOTAL	100.000€	

QUINTA.- Medios humanos



O desenvolvemento das tarefas relacionadas na cláusula terceira será realizado por persoal investigador adscrito ao grupo de investigación GEN da Universidade de Vigo e outro persoal cualificado a tal efecto.

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades que constitúen o obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SEXTA.-Gastos atendibles

Con carácter xeral, considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubidable responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

Os gastos deberán ser realizados, facturados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 15 de decembro de 2023, de conformidade cos prazos sinalados na cláusula sétima.

O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable para a Universidade de Vigo.

Todos os gastos externos iguais ou superiores aos 3.000 euros deben ser notificados á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación antes da súa contratación.

Os gastos nos que incorra a Universidade de Vigo serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas



nas liquidacións do convenio, e diminuirán o importe total a achegar pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Todos os gastos externos xustificados pola Universidade de Vigo deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificados, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

Os gastos clasificaranse en:

- Remuneración ao persoal investigador adscrito ao convenio, incluíndo persoal externo
- Dietas e custos de viaxe
- Material funxible e inventariable
- Presentación de documentos e organización de actividades, material de soporte
- Outros gastos externos que respondan de xeito indubidable á realización das actividades e fins do convenio, e que deberán autorizarse pola Comisión de Seguimento.

SÉTIMA.- Xustificación e libramento de fondos

Para o pagamento das actuacións desenvolvidas a Universidade de Vigo deberá presentar ante a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades realizadas, resultados obtidos e as incidencias máis significativas.
- Certificación dos gastos.
- Xustificación dos gastos e pagamentos: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico Xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación do Anexo.



-Nóminas e comprobantes do seu pagamento do persoal que participase nas actividades obxecto deste convenio, debendo acompañar unha memoria xustificativa de adscrición deste persoal aos traballos obxecto do convenio.

-Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación realice estas consultas polos seus propios medios.

-No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

-Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.

-Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

A xustificación dos pagamentos realizarase mediante transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

O prazo máximo para presentar a devandita documentación será ata o 15 de decembro de 2022 para a anualidade de 2022 e ata o 15 de decembro de 2023 para a anualidade de 2023.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación unha vez recibida a documentación estipulada nesta cláusula e comprobado que se cumpriu co estipulado nas accións descritas no presente convenio, procederá ao pagamento da achega estipulada de acordo coa dotación orzamentaria prevista na cláusula cuarta.

En todo caso, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación resérvase o dereito de solicitar á Universidade de Vigo a documentación adicional que considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio para verificar a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento con respecto ás actividades realizadas.



A Universidade de Vigo manterá a disposición da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, a dita documentación, así coma todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo. Todo isto, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

OITAVA.- Comisión de seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta de seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, debéndose reunir cando o solicita algunha das partes.

A súa función será velar polo cumprimento das obrigas previstas no mesmo, así como propoñer a solución ós problemas que puideran xurdir.

En concreto, as súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Proposta, se é o caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Coordinación das funcións das partes asinantes do convenio.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio.



NOVENA.- Autorizacións

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006, estendendo este consentimento, no caso da Universidade, á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento

Tamén comporta a autorización á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación non obtivese resultado favorable; a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto de conformidade co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMA.- Publicidade

Estarase co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.



Tamén se procederá á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consentem na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Extinción do convenio

O convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das seguintes causa de resolución:

- O transcurso do seu prazo de vixencia.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá dirixir á parte non cumpridora un requirimento para que no prazo de dez días naturais asuma as obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén á comisión de seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará a outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando conorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.



DÉCIMO SEGUNDA.- Vixencia e duración

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e a súa duración será ata o 30 de decembro de 2023, sen prexuízo da súa prórroga por un período idéntico ao da súa duración inicial.

DÉCIMO TERCEIRA.- Propiedade intelectual

Todo o material de difusión e información xerado (publicacións, folletos, etcétera), obxecto deste convenio, será posto a disposición da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e deberá conter en lugar visible os logos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e dos demais organismos participantes. A elaboración dos materiais deberá realizarse respectando o disposto no Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia.

A propiedade intelectual será compartida entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Universidade de Vigo que figurarían como coautoras dos materiais.

DÉCIMO CUARTA.- Natureza e réxime xurídico

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co seu artigo 6.1, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O convenio rexerá polas súas propias cláusulas, e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios da Lei 9/2017 de contratos do sector público para resolución de dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.



En caso de conflito, as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Normativa aplicable

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, aprobado por Resolución do 18 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Será tamén de aplicación o disposto no capítulo VI do título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, polo que se regulan os convenios do sector público.

E en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan dixitalmente o presente convenio, en Santiago de Compostela, na data que figura na marxe.

O Vicepresidente Primeiro e
Conselleiro de Economía, Industria e Innovación
Francisco José Conde López

O Reitor da Universidade de Vigo
Manuel Joaquín Reigosa Roger



**ANEXO
FINANCIAMENTO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS PARA O IMPULSO DA LEI 9/2021, DO 25 DE FEBREIRO, DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA NO ÁMBITO LOCAL.

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación contribuirá cun máximo de cen mil euros (100.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 01.06.731A.640.0, co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria	Ano 2022	Ano 2023
01.06.731A.640.0	30.000€	70.000€
TOTAL	100.000€	

A continuación expónse a desagregación do orzamento por anualidades:

ANUALIDADE 2022	
Concepto	Contía
Remuneración ao persoal adscrito ao convenio, incluíndo persoal externo	18.000€
Dietas e custos de viaxe	1.000€
Material funxible e inventariable	2.000€
Presentación de documentos, organización de actividades e material de soporte.	7.000€
Outros	2.000€
TOTAL	30.000 €



ANUALIDADE 2023	
Concepto	Contía
Remuneración ao persoal adscrito ao convenio incluíndo persoal externo	53.000€
Dietas e custos de viaxe	2.000€
Material funxible e inventariable	3.000€
Presentación de documentos, organización de actividades e material de soporte	9.000€
Outros	3.000€
TOTAL	70.000 €

